



ELABORACIÓN DE VIÑOS E DERIVADOS

14 ao 29 de novembro de 2022

Estación Experimental de Viticultura e
Enoloxía de Ribadumia – Pontevedra.

Rúa Leiromeán, 18 – 36635
Ribadumia - Pontevedra

PROGRAMA

- » **Día 14/11/22 de 17:00 a 21:00 h**
 - » Xestión da calidade da uva e da colleita. A vendima. Recepción da uva na adega
 - » Relator: Luis Quinteiro González. Enxeñeiro Técnico Agrícola
- » **Días 15, 16 e 17/11/2022 de 17:00 a 21:00 h**
 - » Equipamento, procesos e técnicas de elaboración de viños brancos e tintos. Alteracións dos viños.
 - » Relatora: Susana Pérez López. Enóloga
- » **Día 18/11/2022 de 17:00 a 21:00 h**
 - » Elaboración de viños especiais: escumosos, rosados e doces
 - » Relatora: María J. Graña Caneiro. Tecnóloga especialista en Enoloxía
- » **Días 21e 22/11/2022 de 17:00 a 21:00 h**
 - » Características das zonas de produción das diferentes DOPs e IXPgalegas. Introducción á cata de viños. Taller de cata de viños brancos, tintos e escumosos de diferentes DOPs e IXPgalegas.
 - » Relatora: Mercedes González Rodríguez. Sumiller
- » **Días 23/11/2022 de 17:00 a 21:00 h**
 - » Técnicas de elaboración e taller de cata de augardentes de Galicia
 - » Relatora: Sonia Otero Padín. Enóloga
- » **Día 28/11/2022 de 17:00 a 21:00 h**
 - » Técnicas de elaboración e taller de cata de licores tradicionais de Galicia
 - » Relatora: Sonia Otero Padín. Enóloga
- » **Día 29/11/2022 de 17:00 a 21:00 h**
 - » Taller práctico en adega
 - » Proba de avaliación
 - » Relatora: María J. Graña Caneiro. Tecnóloga especialista en Enoloxía

OBXECTIVOS

O cultivo da vide na provincia de Pontevedra, ten gran importancia tanto a nivel económico como a nivel social, motivos que fan que na zona haxa un gran interese por recibir formación no campo da viticultura e da enoloxía.

Coa planificación e impartición deste curso, preténdense acadar os seguintes obxectivos:

- » Coñecer o marco legal que regula o sector vitivinícola e das DOP/IXP de Galicia
- » Coñecer os principais compostos da uva e súa evolución na maduración
- » Coñecer os procesos e técnicas de elaboración de viños brancos, tintos e elaboracións especiais
- » Identificar os puntos de control críticos na elaboración de viños (APPC)
- » Coñecer a maquinaria e equipos da adega a empregar na elaboración
- » Aprender o mecanismo da cata, as súas ferramentas e desenvolvemento
- » Diferenciación das características dos distintos tipos de viños das D.O.P. e I.X.P. de Galicia
- » Valorización das castes tradicionais producidas en Galicia
- » Diferenciar as cualidades e defectos dun viño por alteracións na súa elaboración
- » Coñecer os procesos de elaboración das augardentes e licores tradicionais de Galicia.
- » Análise sensorial das diferentes tipoloxías de augardentes e licores de Galicia.
- » Coñecemento dos diferentes equipos e instalacións da adega experimental da EEVE-Ribadumia, así como do manexo dos mesmos e a realización de forma práctica de diferentes operacións de adega propias da fase de elaboración de viños.

Destinatarios

Agricultores, viticultores ou gandeiros activos con producións con orientación comercial, cotitulares ou colaboradores familiares das explotacións.

- » Titulares, asalariados ou con contratos a proba dunha explotación agraria, industria transformadora, asociación profesional (Exemplo: adega, consello regulador). ou empresa de servizos agrarios.
- » Persoas en idade laboral con expectativas de incorporación ó sector primario ou á industria transformadora (Exemplo: adega, consello regulador)
- » Investigadores relacionados coa actividade, traballadores de empresas relacionadas co sector ou público en xeral, sempre e cando haxa prazas dispoñibles.
- » Público interesado en xeral.

Número de prazas: 15

Data de inscrición: ata o 9 de novembro de 2022

SOLICITUDES

Os interesados deberán preinscribirse na actividade a través da páxina web da Consellería do Medio Rural no seguinte enlace:

<https://ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/acciones-formativas>

A súa inscrición será confirmada a través do enderezo electrónico.



Plan de transferencia para o apoio ás actividades de demostración e de información ao agro galego 2022

» ORGANIZA

Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal)
Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega)

» COLABORAN

